

O LICEO DE OURENSE ACOLLEU O RECITAL DOS TEXTOS ESQUECIDOS DE OTERO PEDRAYO



Alvarellos e Valcárcel flanquean ás recitadoras Tereixa Devesa e Loli Conde, no Liceo de Ourense, ao remate do acto (050607)

- **Varios fragmentos da obra *Teoría de Galicia*, de Ramón Otero Pedrayo, publicada por Alvarellos Editora na súa Colección Rescate, foron recitados no salón de tertulias desta institución ourensá.**
- **O volume presentado recupera 72 escritos do Patriarca das Letras Galegas publicados na revista *Vida Gallega* entre 1926 e 1963.**

O Salón de Tertulias do Liceo de Ourense acolleu hoxe á tarde a presentación pública e recital de textos do libro *Teoría de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo, un volume de 400 páxinas publicado hai poucas semanas por Alvarellos Editora dentro da súa Colección Rescate.

Este volume recolle a obra inédita en libro do Patriarca das Letras Galegas publicada entre 1926 e 1963 na popular revista *Vida Gallega*. Uns textos que ficaban esquecidos e que, neste libro, aparecen acompañados de varios manuscritos que nunca viran a luz, ademais de varias fotografías da época.

O acto contou coa participación do autor do limiar, o profesor e historiador Marcos Valcárcel; das recitadoras do Liceo Tereixa Devesa e Loli Conde, e do editor Henrique Alvarellos.

POÑERLLE VOZ A UNHA PROSA INMORTAL

O editor destacou o significado deste acto: “Trátase –afirmou– duns textos que permanecían todos eles esquecidos e hoxe démoslles voz, que é como darlles vida dobremente: primeiro foi no papel, coa edición deste volume que recolle por vez primeira toda a obra xornalística de Otero Pedrayo en *Vida Gallega*, e agora, a través deste acto sonoro, poñémoslle voz a esta prosa poética intensa e inmortal e fundamente moderna, que é a prosa de don Ramón”.

Marcos Valcárcel destacou, pola súa banda, que “en *Teoría de Galicia* están presentes os elementos fundamentais do mundo oteriano. Todo Otero en pequenas doses”.

[Máis información en: www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1º C
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52